

## I. DATOS XERAIS DA MATERIA

- |  |                                 |
|--|---------------------------------|
| a) <b>Nome oficial.</b>                                  | Historia Económica da Empresa   |
| b) <b>Titulación.</b>                                    | ADE                             |
| c) <b>Créditos</b>                                       | 4.5 (Teóricos 3; Prácticos 1.5) |
| d) <b>Curso.</b>   | Quinto (Esp. Dir. Xeral)        |
| e) <b>Código da materia.</b>                             | 611211613                       |
| f) <b>Tipo.</b>  | Optativa                        |
| g) <b>Impartición.</b>                                   | Cuatrimestre                    |
| h) <b>Departamento/s responsable/s.</b>                  | Economía Aplicada I             |
| i) <b>Profesor/a coordinador/responsable da docencia</b> |                                 |

Alberte Martínez López

### Información por grupo

Grupo único

#### 1) Nome e apelidos do profesor/a que impartirá docencia

Alberte Martínez López

#### 2) Lugar e horario de titorías

Facultade de CC. Económicas. Andar 3º. Despacho 316  
Xoves 8:30 a 9:30, 11:00 a 15:00 e 16:45 a 17:45

#### 3) E-mail

almalo@udc.es

#### 4) Universidade Virtual

<https://fv.udc.es/12Ciclo>

#### 5) Lingua na que se impartirá a docencia

Galego

## II. OBXECTIVOS DA MATERIA

- Estudar e comprender a figura da empresa e do empresario e o seu papel no desenvolvemento económico.
- Posibilitar a análise dos diferentes tipos de empresas incardinados nun contexto histórico.
- Establecer comparacións entre os distintos modelos empresariais ao longo do tempo e dos países.

## III. METODOLOXÍA

O curso de **Historia económica da empresa** constará de dúas partes: (a) as **clases teóricas**, que consistirán fundamentalmente no desenvolvemento do programa da

asignatura (pódese ver máis abaixo) e (b) as **clases prácticas**, que consistirán basicamente na posta en común do cuestionario sobre os materiais da Facultade virtual.

Tendo en conta que os alumnos xa cursaron a asignatura de Historia Económica Mundial, aspectos como o contexto económico xeral e a periodización detallada serán obviados en boa medida e remitidos a calquera manual da devandita materia. Asimesmo, e debido á restricción de tempo a análise da evolución da empresa nas principais economías restrinxirase a algúns países e dun xeito sintético, puidendo en todo caso completar e/ou afondar nos casos nacionais mediante traballos optativos.

Ademais das actividades desenvolvidas nas sesións prácticas os alumnos poderán realizar, con carácter optativo, diversos traballos explicitados na Facultade virtual.

#### **IV. AVALIACIÓN**

Existen dúas opcións:

1) Avaliación continua. Neste caso a avaliación desglósase da seguinte maneira:

- Asistencia e participación na clase: 1 punto.
- Actividades sobre os materiais da Facultade virtual: 3 puntos.
- Exame final: 4 puntos.
- Traballos optativos: 2 puntos.

Nesta opción, para superar a asignatura haberá que obter como mínimo un punto no exame final.

2) Exame final

A materia a avaliar no exame final será o programa desenvolvido nas explicacións de clase e ao través do cuestionario sobre os materiais da Facultade virtual.

Nas convocatorias de Setembro e Decembro a avaliación realizarase exclusivamente por medio dun exame.

Os criterios de avaliación responderán ás seguintes pautas xerais:

- Participación activa nas aulas
- Capacidade de expresión, oral e escrita
- Manexo e dominio do vocabulario específico da asignatura
- Capacidade analítica e sintética
- Capacidade de procura, selección e elaboración de información
- Capacidade de traballo en grupo
- Coñecemento dos contidos do programa, concretados ao través dos obxectivos sinalados en cada tema
- Capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos á interpretación do material estatístico, gráfico e documental
- Destreza na aplicación de técnicas cuantitativas para o tratamento de repertorios estatísticos

## **V. TEMAS OU BLOQUES DE CONTIDOS**

### **Tema 1. Empresas e empresarios entre a teoría e a historia**

1. A Historia da empresa: a súa evolución e aportación ao licenciado en Administración de Empresas.
2. A visión do empresario polos economistas ao longo do tempo.
3. As teorías económicas da empresa: de nexos de contratos a centros de coñecementos e capacidades

### **Tema 2. A empresa no mundo preindustrial, ss. XIII-XVIII**

1. O lento agromar da empresa agraria capitalista
  - a. A transición cara á agricultura capitalista na Europa noratlántica
  - b. As plantacións americanas
2. A empresa comercial e financeira
  - a. A sedentarización do comercio baixomedieval
  - b. As comunidades de comerciantes
  - c. As sociedades mercantís
  - d. As compañías privilexiadas
  - e. A figura dos comerciantes-banqueiros
  - f. As innovacións contábeis e financeiras
3. Os variados modelos organizativos na produción manufactureira
  - a. A organización gremial e a súa decadencia
  - b. O ascenso da industria rural doméstica
  - c. Unha alternativa fallida: a manufactura centralizada

### **Tema 3. A empresa na revolución industrial, 1760-1870**

1. Cambios na organización das empresas
  - a. O novo marco institucional
  - b. O nacemento do sistema fabril
  - c. Cultura empresarial e mundo dos negocios: entre a familia e o contrato
  - d. Os diferentes tipos de empresa
  - e. O financiamento das empresas
  - f. Contabilidade e dirección de empresas
2. As orixes sociais e a formación dos empresarios
  - a. A procedencia dos empresarios
  - b. A formación do empresariado
3. A formación da clase obreira e os novos xeitos de organización do traballo
  - a. As orixes do proletariado
  - b. A nova organización laboral e os mecanismos de control

- c. As consecuencias sobre os traballadores: o debate sobre os niveis de vida dos traballadores
- d. As reaccións dos traballadores: do ludismo ao sindicalismo
- 4. A procedencia e formación do persoal directivo, administrativo e técnico

#### **Tema 4. Competencia capitalista e concentración empresarial, 1870-1945**

1. A Segunda Revolución Industrial e os seus efectos sobre as empresas
  - a. Os cambios tecnolóxicos na produción: produción en masa *versus* especialización flexíbel
  - b. Os cambios nos mercados e nos sistemas de distribución
  - c. Os cambios nos transportes e nas comunicacións
2. Orixe e rasgos da grande empresa
  - a. A revolución xerencial
  - b. A empresa e o Estado
  - c. A empresa e os traballadores
3. As estratexias de medro das grandes empresas
  - a. A concentración horizontal
  - b. A integración vertical
  - c. A diversificación
  - d. Da competencia polo prezo á competencia polo produto: novas técnicas de marketing e investigación de mercados
  - e. First movers e seguidores: vantaxes e perigos
4. O desenvolvemento da grande empresa nas economías avanzadas
  - a. O capitalismo xerencial en EEUU
  - b. O predominio da dirección persoal en Gran Bretaña
  - c. A cartelización en Alemaña
  - d. O capitalismo cooperativo no Xapón
  - e. A aparición das multinacionais
5. As alternativas á grande empresa
  - a. A persistencia da empresa familiar
  - b. PEMEs, distritos industriais e especialización flexíbel

#### **Tema 5. O apoxeo da grande empresa o o capitalismo xerencial, 1945-1973**

1. A difusión do sistema xerencial estadounidense en Europa e Xapón
  - a. O Plan Marshall e a “americanización” de Europa
  - b. O caso xaponés
2. A expansión das empresas multinacionais
3. O medro da empresa pública en Europa
4. A pervivencia do empresario
  - a. A empresa familiar
  - b. PEMES, distritos industriais e especialización flexíbel
5. Os cambios na organización do traballo e nas relacións laborais

## Tema 6. A empresa diante dos desafíos da globalización económica, 1973-2003

1. A crise dos setenta e o seu impacto nas empresas
  - a. Incertidume tecnolóxica, fragmentación da demanda e globalización
  - b. Do fordismo ao toiotismo
2. Cambios na organización do traballo e nos mercados laborais
3. Modificacións no control das grandes sociedades anónimas: características e controversias.
4. O novo papel do Estado: desregulación, privatizacións e re-regulacións
5. Diversidade de formas e estratexias empresariais
  - a. A grande empresa xerárquica e globalizada
    - i. De ámbito de produción mundial
    - ii. De ámbito de produción local
  - b. Os distritos industriais
    - i. Nucleados e xerárquicos
    - ii. Cooperativos

## VI. RECOMENDACIÓNS

É recomendábel, aínda que non obrigatorio, a comprensión de textos escritos en inglés.

## VII. FONTES DE INFORMACIÓN

Para a preparación do exame final o manual de referencia é:

- **VALDALISO, J. M.<sup>a</sup>, y LOPEZ, S. (2000):** *Historia económica de la empresa*, Crítica, Barcelona.

En xeral, e para facilitar a elección dos traballos optativos e da bibliografía pertinente, pode ser útil a consulta das seguintes obras de referencia:

- **GARCÍA RUIZ, J.L. (Coord.) CASADO, J., FATJÓ, P. y NÚÑEZ, G. (1998),** *Historia de la empresa mundial y de España*. Madrid, Síntesis.
- **GARCÍA RUIZ, J.L. y MANERA, C. (Coord.) (2006),** *Historia empresarial de España: un enfoque regional en profundidad*. Madrid: LID.
- **GOODALL, F., GOUVIRSH, T. and TOLLIDAY, S. (eds.) (1997),** *International bibliography of business history*. London [etc.] Routledge.
- **TORRES, E. (1993),** *Catálogo de publicaciones sobre la historia empresarial española de los siglos XIX y XX*. Fundación Empresa Pública.
- **TORRES, E. y PUIG, N. (1994),** "Panorama general de la historia empresarial en España", en NUÑEZ, G. y SEGRETO, L. (eds.), *Introducción a la historia de la empresa en España*. Abacus, Madrid, pp. 39-65.
- **VALDALISO, J. M.<sup>a</sup>, y LOPEZ, S. (2000):** *Historia económica de la empresa*, Crítica, Barcelona.
- **Publicacións periódicas:** *Business History, Business History Review, Revista de Historia Económica, Revista de Historia Industrial*.
- **Fundación Empresa Pública:** <http://www.funep.es/historia/docphe.htm>

- **Colección de Historia Empresarial da Editorial LID.**
- **Enlaces da Facultade virtual.**

A bibliografía específica recomendada para cada bloque temático do programa e para determinados traballos optativos colgarase e actualizarse na Facultade virtual.